



1º BACHARELATO B

Tecnoloxía Industrial I

- Os alumnos e alumnas terán a súa disposición na aula virtual actividades de reforzo e ampliación dos contidos que se estaban traballando ata este momento.
- Por outra parte, poderán resolver dúbidas ou solicitar documentación a través do correo electrónico.
- Realizaremos videoconferencias para todo o alumnado que poida.

TIC

- Os alumnos e alumnas do bacharelato traballan con maior autonomía polo que nestas dúas semanas terán a súa disposición na aula virtual as actividades previstas para esta avaliación.
- Por outra parte, poderán resolver dúbidas ou solicitar documentación a través do correo electrónico que docente e alumnado comparten.

Educación Física

1. Sesión de condición física en TVE.

No canal de TVE, "La 2", emítense o espazo "Muévete en casa", conducido polo profesor de fitness Cesc Escolá.

O horario é: 9.00 a 9.30 horas.

Son exercicios doados. Primeiro faise un quentamento e despois exercicios con diferente material que temos na casa. Vaise indicando a posición correcta e permite realizalo con distinta intensidade.

2. Sesións de condición física en youtube.

Para traballar a resistencia, a forza e a flexibilidade:

Cardio 10 minutos ideal para principiantes [gymvirtual](#)

Rutina exercicios para tonificar el cuerpo 20/ minutos [gymvirtual](#)

Ganar flexibilidade/Principiantes

Contacto: margaritavizoso@edu.xunta.es

Francés

Utilizárase Abalar como medio de comunicación.

Se trabaxará con los contenidos de la lección 5: "Sous les palmiers... On ramasse tout et on rentre...".

- Sabrán pedir y dar un servicio.
- Expresarán la tristeza, la exasperación.
- Darán consejos.



- Expresarán su opinión con fluidez.
- Expresarán un deseo, la voluntad.
- Sabrán excusarse.
- Gramática: los pronombres interrogativos, los pronombres posesivos, los adjetivos indefinidos, los adverbios de modo, el condicional presente, el subjuntivo presente.
- Lexico de las vacaciones: al mar, al campo, la contaminación y la protección del entorno.
- Fonética: la s sorda (s) y la s sonora (z), las fricativas.
- Civilización: Martinica: sus paisajes, su cultura, Fort-de-France, la montaña Pelée.
- Leerán la historia del deporte y responderán a las preguntas sobre la lectura.

Lingua Galega

TAREFAS NA AULA VIRTUAL

1. Léxico:

Di a que poboación ou comarca corresponden estes xentilicios:

tudense	chairego
eumés	carnotán
focego	muradán
courelao	negreirés
cervantego	allaricense
ribeirao	mariñao

2. Ortografía:

➤ Completa as palabras con *cua-*, *ca-*, *co-* ou *gua-*, *ga-*, *go-*.

g__rdián	c__renta
g__rida	g__rnición
g__daña	g__rentar
c__drado	g__rita
c__drimestre	g__rdería
c__llar	c__lificativo
c__lidade	c__ternario
c__lquera	g__camole

3. Funcionamento da lingua:

- Completa os seguintes enunciados cos cuantificadores indefinidos: Quero que me compredes _____ chatolas para cravar na cortiza da parede.
- Nunca vira _____ arroaces na miña vida!
- _____ atopou a miña mochila?
- Este verán non fomos _____ día á praia.
- Xa me darás _____ as queixas mañá.



Linguaxe e Práctica Musical

Comunicaranse pola Aula Virtual con actividades de repaso tanto prácticas con instrumento como prácticas de linguaxe e teoría no horario de clase.

Medios Audiovisuais

Traballarase por correo electrónico, seguindo coa práctica que estaban facendo en clase e mandaráselles as pautas para os traballos para a terceira avaliación para ir adelantándoos.

Literatura Universal

Comentario literario de dos relatos del Realismo. Vanka, de Chejov. El collar de Maupassant.

Todo será enviado por Gmail, como siempre.

De todas maneras, estará colgado en el Aula Virtual.

Inglés

Empregarei a aula virtual do instituto para colgar todas as actividades e o meu correo corporativo dianagaldo@edu.xunta.es para que envíen as tarefas escritas:

- exercicios de gramática, vocabulario e comprensión lectora de repaso (do libro de clase)
- 2 listenings- con audio e solucionario
- 1 writing - enviar a dianagaldo@edu.xunta.es
- online exercises (enlaces na aula virtual)

Lingua Castelá

El trabajo propuesto para estas sesiones consiste en la realización de un trabajo sobre un tema teórico que se expondrá en clase a la vuelta. Está colgado en el Aula Virtual su distribución y temática por alumno o grupo.

También se irá poniendo algún ejercicio de repaso de sintaxis y de comentario crítico.

Contacto de la profesora: begonacanosahermida@gmail.com

Filosofía

O departamento de filosofía vai utilizar como medio de contacto o correo electrónico (cagigao@edu.xunta.es), e as tarefas son as seguintes:

O departamento de filosofía vai utilizar como medio de contacto o correo electrónico (cagigao@edu.xunta.es), e as tarefas son as seguintes:

1º- Fai as seguintes táboas de verdade

- $(p \wedge q) \vee \neg q$
- $(p \wedge \neg q) \rightarrow (q \vee \neg r)$



- $(\neg p \vee q) \leftrightarrow (r \wedge p)$

Vídeo: como elaborar táboas de verdade: <https://www.youtube.com/watch?v=a5cEaETtTNo>

2º Formalizar as seguintes proposicións:

1º-Non é certo que, sete máis nove é igual a catro.

2º-O coche é vello se ten 10 anos, e é azul si o dono e Carlos.

3º-Si non hai ruídos e non estas xordo, entón debes escoitarme.

4º-Se voaban os elefantes ou soubesen tocar o acordeón, pensaría que estou como unha regadeira e deixaría que me internaran nun psiquiátrico.

3º- Formalizar os argumentos:

1º- Se el ven en tren chegará antes das seis. Se ven en coche chegará antes das seis. Logo, tanto se ven en tren como en coche, chegará antes das seis.

2º-Se los habitantes de Venus invaden a Terra, entón os homes estarán nerviosos ou as mulleres entusiasmaranse. Si os homes están nerviosos, as mulleres entusiámanse. Por tanto, se os habitantes de Venus invaden a Terra, as mulleres se entusiasmarán.

3º-Si o toro tivera sentido do humor ou fose un animal vingativo, sentaríase en medio da praza e faría unha plácida sesta. Si o toro se sentase en medio da praza, entón os espectadores marcharíanse decepcionados ou o toureiro sentiríase ridículo. Nin o toureiro síntese ridículo, nin os espectadores márchanse decepcionados. Así que, o toro non ten sentido do humor.

Para pasar o tempo nas vacacións de Semana santa podedes intentar resolver estas Adivinanzas y monerías de Raymond Smullyan :

-A igrexa católica permite que un home se case coa irmá de súa viuda?

-Había unha vez un home que non tiña reloxo nin de boneca nin de bolsillo, pero tiña un reloxo de parede moi preciso que só se detivo cando se esquecía de arrolalo. Cando isto sucedía, ía a casa do seu amigo, pasaba a tarde con el e, cando regresou a casa poñía o reloxo en hora. Como diaños é posible isto sen saber de antemán o tempo que tardaba no camiño?

-Nunha determinada granxa as dúas ás do tellado teñen unha diferente inclinación; unha ala ten unha inclinación de 60º e a outra de 70º. Supoñamos que un galo pon un ovo exactamente encima. A que lado do tellado caería o ovo?

- Dúas moedas suman 3 euros e, sen embargo unha delas non é un euro. Como se explica?

- Un tren sae de Alicante cara a Madrid. Unha hora despois, outro tren sae de Madrid cara Alicante. Os dous trens van exactamente á mesma velocidade. Cal dos dous estará máis preto de Madrid cando se atopen?



-Dous indios americanos, un neno e outro adulto, están sentados nun tronco, o pequeno indio é fillo do adulto pero o adulto non é o pai do indio pequeno. Como é posible?

-Nun caixón dentro dunha habitación escura hai 24 calcetíns roxos e 22 azules. Cal é o número mínimo de calcetíns que teño que sacar ao azar do caixón para estar seguro de que saco, polo menos, dous da mesma cor?

-Nunha illa só hai cabaleiros e escudeiros. Os cabaleiros sempre din a verdade e os escudeiros sempre menten. Estes dous tipos de persoa non son distinguibles a simple vista, é necesario falar con eles para diferencialos.

Todos os habitantes de esa illa sen excepción pertencen a un tipo destes e saben si os seus compañeiros din a verdade ou menten.

Problema: Encontramos a unha persoa X á que lle preguntamos se é cabaleiro ou escudeiro. X responde pero non entendemos o que di, polo que preguntamos a outra persoa sobre o que dixo X. E el nos di: "X dixo que é escudeiro". Nese momento unha terceira persoa Z interrompe dicindo: "Y está mentindo". Que é cada un deles: cabaleiro ou escudeiro?

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I

Boletín de derivación

Día semana	Tarefas
Martes 14 de abril	Exercicios do 1 ao 8.
Xoves 16 de abril	Exercicios do 9 ao 16.
Venres 17 de abril	Exercicios do 17 ao 24.

Correo electrónico pofemates@gmail.com, a Aula Virtual do centro e Abalar.

Economía

O Alumnado pode poñerse en contacto co departamento por tres vías:

AULA VIRTUAL TERRA DE TRASANCOS

Entrar como [convidado](#) contrasinal [proxecto](#)

O alumnado pode entrar coseu nome de usuario e contrasinal, se non puidera, saben que poden utilizar a xeral (convidado - proxecto)

CORREO ELECTRONICO

Todos os alumnos teñen correo electrónico en gmail economiatrasancos@gmail.com

BLOG INDIVIDUAL que funciona como portfolio.

Tarefas individuais

Repaso de materiais elaborados polo departamento sobre Macroeconomía e conceptos básicos do mercado de traballo (Aula Virtual)



Traballo cooperativo

Creación de cinco grupos de traballo coa metodoloxía de David Johnson. Elaborando proxectos diferenciados. Estamos intercambiando información basicamente por correo electrónico aínda que dispoñen de material de apoio na aula virtual .

Latín I

- Comunicación co alumnado a través da Aula Virtual, videoconferencia e correo electrónico.
- Tarefas:

Tradución: Tántalo (texto adaptado) e frases para non esquecer o estudiado.

Temas de actualidade relacionados coa civilización latina (etimoloxías, paralelismos sociais e históricos...) que se irán subindo á Aula Virtual ao fío da actualidade.

Os alumnos deben enviar as súas tarefas realizadas a este correo: eljardindelashesperides2@gmail.com. O alumnado que participa nas videoconferencias pode corrixir os exercicios na sesión de clase e non será necesario enviar as actividades.

Historia do Mundo Contemporáneo

A información das actividades enviarase ao e-mail do alumnado

30 de marzo

Tema 8. Reconstrución e prosperidade nos anos vinte

1.2.EEUU: hexemonía e sociedade de consumo

- Actividades relacionadas coa situación norteamericana no período de entreguerras.

31 de marzo

Tema 7. A revolución rusa e o Estado soviético

- Finalización do traballo de Power point sobre a revolución rusa, empezado en clase

1 de abril

A sociedade de consumo norteamericana.

Análise dalgún produto relacionado coa sociedade de consumo (Ford T)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Camíño Real s/n
15570 Narón (A Coruña)
Tlf.: 881.938.159 Fax: 81.938.170
e-mail: ies.terra.trasancos@edu.xunta.es
web:
www.edu.xunta.es/centros/iesterratrasancos

3 de abril

Comentario de texto histórico

Cultura Científica

Repaso da materia impartida pendente de exame por mor da suspensión das clases.

Resolución de dúbidas a través do correo electrónico.